

Guía pedagógica

A lei 8/2021 e o seu impacto na discapacidade. Unha análise dende o Traballo Social.



Índice

01. PRESENTACIÓN DO CURSO

Benvida e introdución	1
Obxectivos	2
Perfil do alumnado	3
Equipo docente e contacto	4

02. INFORMACIÓN XERAL

Estrutura dos contidos	8
Cronograma	9
Avaliación	10
Certificado de superación	11

03. INFORMACIÓN TÉCNICA

Acceso ao curso e requisitos técnicos	13
---------------------------------------	----

01. PRESENTACIÓN DO CURSO

BENVIDA E INTRODUCCIÓN

Dano Cerebral Galicia constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido: Dano Cerebral A Coruña - ADACECO, Dano Cerebral Lugo, Alento, DCA Ourense e Dano Cerebral Santiago de Compostela. É unha organización non governamental, privada, independente, apartidista e aconfesional comprometida coa defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido.

Dano Cerebral Galicia ten por obxectivo a defensa dos intereses e a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido así como das súas familias. Pretende **sensibilizar, informar e formar** á sociedade en xeral con respecto á dimensión desta discapacidade, implicar ás institucións e resolver os retos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo.

E se este é o obxectivo, unha das maneiras de levalo a cabo é a través da **capacitación e formación de diversos axentes sociais**.

A Federación, en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, pon en marcha unha acción formativa dirixida a **analizar e comprender o impacto da Lei 8/2021**, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. Con isto, preténdese ofrecer un espazo de coñecemento e reflexión que permita ás e aos profesionais comprender as implicacións prácticas desta normativa, especialmente no ámbito da discapacidade, promovendo unha intervención social máis respectuosa cos dereitos, a autonomía e a dignidade das persoas con discapacidade en xeral, e máis concretamente, das persoas con dano cerebral adquirido.



5

entidades federadas



2.229

persoas socias



160

profesionais



27

persoas voluntarias



DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

Adquirir coñecementos básicos sobre o dano cerebral adquirido, as súas secuelas e necesidades específicas




A LEI 8/2024

Analizar o impacto da Lei 8/2021 no exercicio dos dereitos fundamentais e na vida cotiá das persoas con dano cerebral e outras discapacidades.



O PAPEL DO TRABALLO SOCIAL

Reflexionar sobre o papel das e dos profesionais do traballo social no acompañamento ás persoas con discapacidade.



PRÁCTICA RESPETUOSA

Incorporar á práctica profesional criterios de intervención baseados no respecto á vontade, ás preferencias e á dignidade das persoas.

PERFIL DO ALUMNADO

A formación está dirixida principalmente a **profesionais do traballo social**, así como a estudantes en formación neste ámbito que desexen afondar no coñecemento e aplicación práctica da Lei 8/2021 no contexto da discapacidade.

Tamén resulta de interese para outras e outros profesionais do eido social, xurídico e sociosanitario que:

- Desenvolven a súa actividade en entidades, servizos ou programas relacionados co apoio ás persoas con discapacidade.
- Teñen interese en actualizarse respecto ás últimas reformas lexislativas que afectan ao exercicio da capacidade xurídica.
- Queren mellorar as súas competencias profesionais na promoción da autonomía, a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade, con especial atención ao dano cerebral adquirido.

Non se requiren coñecementos xurídicos avanzados, aínda que é recomendable contar con **nocións básicas en intervención social e sensibilidade cara ao traballo con persoas con discapacidade**.



EQUIPO DOCENTE E CONTACTO

A acción formativa estará impartida por profesionais con ampla experiencia no ámbito do dereito e da discapacidade, especialmente vinculada ao dano cerebral adquirido.



- **Miguel Vieito Villar** – Asesor xurídico de Dano Cerebral Galicia

Miguel Vieito Villar é avogado especializado en Dereito Médico, Dereito de Familia e xestión patrimonial, ademais de contar cunha ampla experiencia en casos relacionados con discriminacións por idade, lingua, identidade sexual ou discapacidade. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 2009 e completou estudos de posgrao en 2012.

Dende 2022 exerce como Asesor Legal de Dano Cerebral Galicia, onde presta apoio xurídico en cuestións relacionadas coa defensa de dereitos e a promoción da autonomía das persoas con dano cerebral adquirido. Ademais, traballa cunha rede de colaboradoras e colaboradores que lle permite ofrecer servizos complementarios en ámbitos como a protección de datos persoais, o Dereito Laboral ou o Dereito de Empresa.

A súa traxectoria profesional complementase coa docencia e a investigación, especialmente nas áreas de dereito sanitario, bioética e protección de colectivos vulnerables. Participa tamén en órganos de reflexión e decisión ética: é vogal do Comité de Ética Asistencial da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos e foi vogal do Consello de Bioética de Galicia entre 2021 e 2023.

Na actualidade exerce a súa actividade profesional desde o seu despacho en Reboreda, no concello de Outeiro de Rei (Lugo).



- **Noelia Rivadas López** – Técnica de formación de Dano Cerebral Galicia

Noelia Rivadas López é graduada en Logopedia pola Universidade da Coruña, onde recibiu o Premio Fin de Grao e o Premio á Excelencia Académica da Xunta de Galicia, ademais do Premio Fin de Carreira. Conta con formación complementaria en neurorrehabilitación, disfasia orofarínxea, afasia, parálise facial e sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.

Desde o ano 2019 desenvolve a súa carreira profesional no ámbito da atención temperá e da neurorrehabilitación. En 2022 incorpórase a Dano Cerebral Galicia para traballar nos servizos sociosanitarios de proximidade e participar en proxectos orientados á promoción da autonomía de persoas con DCA. Actualmente ocupa o posto de técnica de formación e responsable de calidade.

Ademais da súa actividade asistencial e de xestión, colabora en accións de divulgación mediante a publicación de artigos sobre accesibilidade cognitiva e vida independente, así como en diferentes xornadas e foros profesionais.



Para contactar co equipo docente podes facelo a través do correo electrónico formacion@danocerebralgalicia.org ou do teléfono **689 083 144**. Tamén poderás contactar a través do servizo de mensaxería da plataforma de teleformación.

02. INFORMACIÓN XERAL

ESTRUTURA DOS CONTIDOS

1	MÓDULO 1	O dano cerebral adquirido
2	MÓDULO 2	Introdución aos contidos
3	MÓDULO 3	Ordenamento e dicapacidade I
4	MÓDULO 4	Ordenamento e discapacidade II
5	MÓDULO 5	Os perfís profesionais no procedemento
6	MÓDULO 6	Casos prácticos

CRONOGRAMA

01/10

Inicio da formación

Recibirás un correo electrónico coas instrucións para acceder á plataforma de teleformación

06/10

Sesión telepresencial

Terás á túa disposición a ligazón para conectarte. Horario de 17:00-19:00

12/10

Sesión telepresencial

Terás á túa disposición a ligazón para conectarte. Horario de 17:00-19:00

20/10

Sesión telepresencial

Terás á túa disposición a ligazón para conectarte. Horario de 17:00-19:00

27/10

Peché do curso

Procura ter reunidos os requisitos de superación da formación nesta data.

Cada módulo contará cos seus propios instrumentos de avaliación, escollidos en función da natureza dos contidos e das competencias que se traballen

1	O dano cerebral adquirido A avaliación deste módulo realizarase mediante un exame tipo test , a disposición na plataforma de teleformación. Para considerar a proba superada deberase obter, como mínimo, un 5.
2	Introdución aos contidos Para superar este módulo requerirase, únicamente, a asistencia e/ou visualización da sesión do día 06/10.
3	Ordenamento e discapacidade I A avaliación deste módulo realizarase mediante un exame tipo test , a disposición na plataforma de teleformación. Para considerar a proba superada deberase obter, como mínimo, un 5.
4	Ordenamento e discapacidade II A avaliación deste módulo realizarase mediante un exame tipo test , a disposición na plataforma de teleformación. Para considerar a proba superada deberase obter, como mínimo, un 5.
5	Os perfís profesionais no procedemento Para superar este módulo requerirase a resolución dun exercicio práctico breve .
6	Casos prácticos A avaliación do derradeiro módulo realizarase mediante a realización dun análise sobre un caso práctico .

O equipo docente encargarse de resolver dúbidas a través das diferentes canles habilitadas e proporcionar as correccións necesarias dos exercicios prácticos.

CERTIFICADO DE SUPERACIÓN

Unha vez que o equipo docente comprobe a correcta superación dos criterios de avaliación establecidos para cada módulo de contidos, procederase á emisión do certificado acreditativo da formación realizada. Este documento recollerá tanto a denominación da acción formativa como a carga horaria correspondente.


O certificado será expedido por Dano Cerebral Galicia **remitido ao enderezo de correo electrónico** facilitado polo alumnado no momento da inscrición. Para garantir a súa validez e autenticidade, o documento incluírá a sinatura e o selo da entidade responsable da formación.

03. INFORMACIÓN TÉCNICA

ACCESO AO CURSO E REQUISITOS TÉCNICOS

O curso desenvolverase en modalidade online a través da [Escola Dano Cerebral](#). As sesións formativas serán de carácter telepresencial e impartiranse mediante a plataforma [Microsoft Teams](#), que permitirá a interacción directa co equipo docente e co resto do alumnado.

Para acceder á Escola Dano Cerebral, cada persoa participante recibirá previamente un correo electrónico co seu usuario e contrasinal persoal, que lle permitirá entrar na plataforma e dispoñer dos materiais e recursos didácticos.



Como requisito técnico imprescindible, o alumnado deberá ter descargada e instalada con anterioridade a aplicación Teams, ben na súa versión para ordenador ou para dispositivo móbil, co fin de garantir o correcto acceso ás sesións telepresenciais.

Unha vez dentro do curso, veredes diferentes apartados que pretenden organizar a información necesaria para a realización da formación, presentar os materiais e probas de xeito organizado e facilitar unha ligazón directa a recursos como os foros ou ás sesións telepresenciais. Neste exemplo, podemos ver tres apartados principais:

- **Benvida ao curso** e información xeral, onde atoparedes unha benvida ao curso e información sobre o mesmo e indicacións para o uso da plataforma.
- **Foros**. Neste espazo iranse ordenando os foros cos diferentes exercicios prácticos
- **Módulos**. Aquí atoparemos todos os temas que compoñen a acción formativa así como as respectivas actividades de avaliación.

**Grazas pola túa
inscripción.**

